

ALUMNADO CON PROXECTO COMPETENCIAL PENDENTE DE 1º de ESO

O profesor José Luis Davila que imparte a materia de **Proxecto Competencial** no IES Ricardo Mella será o encargado de elaborar o Plan de Reforzo do alumnado coa materia pendente de **1º de ESO** baixo as directrices do Departamento de Debuxo e co coñecemento do profesorado tutor.

Plan de Reforzo:

- a) Alumno/a ao que vai dirixido:

- b) Ao alumnado que durante este curso académico esté nun nivel superior con esta materia pendente, se lle exixirá o mesmo grao mínimo de consecución que ao alumnado que cursa a materia por primeira vez.

- c) Este alumnado, deberá facer e entregar un **proxecto de temática libre**. De este modo:

Na **primeira avaliación** entregará un dossier coa planificación e escolla da temática do proxecto.

Na **segunda avaliación** amosará as distintas fases de execución do proxecto.

Na **terceira avaliación** presentará o proxecto final.

- d) Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos como a realización de tarefas encomendadas, presentación, orde, produto final, claridade expositiva...

- e) A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

- f) Recursos para o desenvolvemento do Plan:
O profesor terá dispoñible unha hora de tutoría semanalmente, previo aviso, para resolver calquera tipo de dúbida tanto académica como organizativa, así como proporcionar a axuda que crea convinte para superar a materia. En caso de imposibilidade de utilizar esta hora intentarase habilitar outro momento para estas consultas.

- g) Seguimento do Plan:
Publicarase, coincidindo con cada avaliación, unha cualificación en Xade, quedando informado o profesor tutor da evolución de cada alumno/a.

h) Criterios de avaliación:

Avaliación por parciais:

O alumno deberá sacar unha nota igual ou superior ao 5 nunha escala do 1 ao 10 en cada avaliación parcial. A nota final nesta avaliación por parciais ou trimestres será a nota media dos resultados acadados en cada avaliación trimestral, quedando superada a materia se a nota é igual ou superior a 5 nunha escala do 1 ao 10.

Para aprobar a materia pendente na **avaliación ordinaria** (*non hai avaliación extraordinaria de pendentos*) é necesario que a nota obtida sexa, como xa dixemos, igual ou superior a 5 nunha escala do 1 ao 10.

Contacto:

Para resolver calquera dúbida, poden poñerse en contacto co profesor José Luis Davila, concertando previamente cita na Conserxería do Centro ou por medio do alumno/a.

José Luis Davila Souto
Xefe do Departamento de Debuxo

En Vigo, a 2 de outubro de 2024.